

TRENQUE LAUQUEN

Laura Citarella, 2022

1147

ESTREA EN NUMAX: 04.08.2023 | V.O. | +7 | 250 min

Unha muller desaparece. Dous homes saen na súa procura: ambos os dous a aman. Por que marchou? Cada un deles ten a súa propia sospeita e ocúltalla ao outro que —misteriosamente— nunca chega a ser o seu rival. Ningún ten razón, pero, alguén a ten? Esa fuxida de súpeto revélase como a cerna secreta dunha serie de ficcións que o filme, sutilmente, se encarga de tecer: o segredo do corazón doutra muller, perdida tamén hai xa unha morea de anos; o segredo da vida dunha aldea sacudida por un acontecemento sobrenatural que ninguén semella percibir; o segredo da chaira, que non deixa de espallarse devorándoo todo, como as sombras que asolagan o mundo despois do solpor.

«Un fabuloso labirinto de personaxes e relatos urdidos por un guión extraordinario»

Jordi Batlle Caminal, LA VANGUARDIA



Entrevista con Laura Citarella: «Aínda que o filme é potestade de quen a dirixe, neste sistema grupal todos senten que lles pertence»

Por Pablo Fernández

Quero empezar citando o meu amigo Nacho Cea. Na súa recensión do filme dixo: “non somos misterios a resolver, somos misterios a respectar”. Como vives ti, e como se viviu na creación de *Trenque Lauquen*, o misterio do cinematográfico?

Que linda frase! Sempre que un define estes filmes é case obriga que apareza o misterio como figura central. Sinto que, un pouco, é un filme sobre o misterio en si. *Trenque Lauquen* xerou moito diálogo coas posibles formas do misterio, unhas formas mutantes que no filme van cambiando, reactivándose e sorprendendo. Iso xera unha relación moi propia entre as audiencias e o material.

Na propia cidade de Trenque Lauquen tivo lugar unha das estreas máis emocionantes, porque amosar o filme aos trenquelauquenes foi tamén revelarlles un retrato do lugar onde viven e que ven cada día. Cando un habita un lugar non o mira cos ollos estranxeiros e, polo tanto, é máis complicado atopar os seus segredos e as súas marabillas.

Xa que falas do lugar, interésame moito a idea de cinema colectivo: non só como grupo de persoas que fan filmes de forma conxunta, senón o cinema como algo que chega a un lugar e, desde o respecto crea xunto os seus habitantes. Eu creo que máis que cinema colectivo é grupal. O colectivo tende a levarnos a pensar nunha cousa “de asemblea”, consensual. Paréceme que é importante dicir que nesa experiencia grupal hai roles -unha persoa dirixe, outra actúa...-, pero estes tamén se modifican ou poden mesturarse. Eu son produtora do filme, claramente, pero ademais son directora; o meu marido é actor do filme e produtor, por exemplo.

Cando vas filmar un lugar como Trenque Lauquen, onde non se fan moitos filmes, un montón de xente ten interese por incorporarse ao proxecto. É clave que ocorra algo na nosa forma de traballar: unha especie de contaxio, de lugar de participación; non desde a patronal, senón que haxa xente que empece a formar parte dese grupo, a aportar ideas... e empecen a sentir que están facendo cinema. Aínda que o filme é potestade de quen a dirixe, neste sistema grupal todos senten que lles pertence.

Ao final da primeira parte, e en esencia en todo o filme, sinto un humor moi serio e certamente oculto. Como o concibiches? Cando escribimos o guión, tíñalle medo ao humor: medo a non atopar un ton para que fose algo que se puidese manifestar desde as escenas e non desde unha mirada miña, irónica. Creo que foi clave ir encontrando unha linguaxe para que ese humor se puidese desprezar. O filme tiña que poder lidar con certas cuestións dramáticas sen ser unha comedia na súa totalidade. É un balance que foi moi difícil de atopar, e ao que chegamos desde a linguaxe dos actores. Incluso nun personaxe como o de Rafael, que podes pensar que é misóxino, entendes que fai o que pode. Hai un vínculo moi grande entre o humor e a tenrura para min; é un traballo moi específico, de perdoar os personaxe. Cando a xente me di que Rafael é malo, que a xente o odia, paréceme mal. Hai unha salvación para que o humor non se volva irónico: cando o filme decide salvar os seus personaxes porque os quere e os comprende.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Historias Extraordinarias,
Mariano Llinás.
Intermedio [DVD]

Mujer y lucha de clases,
Aleksandra Kollontái.
El viejo topo, 2016

Enero,
Sara Gallardo.
Malas Tierras, 2019